

Ganadores dos Premios Nacionais eTwinning 2012



Acaban de fallarse os proxectos gañadores na convocatoria 2012 dos Premios Nacionais eTwinning.

Os criterios de selección atenden á innovación pedagóxica e curricular, uso das TIC, integración curricular, continuidade e transferibilidade e a colaboración entre centros escolares asociados. ¡Noraboa aos alumnos, alumnas e profesores e profesoras!

Concedéronse dez premios, dous deles a proxectos desenvolvidos por profesorado galego.

Engadimos unha breve reseña de cada proxecto

- [GOAL! Go outside and learn](#) do IES Ramón Cabanillas (Galicia) presentado polo profesor José Benito Búa Ares.

Seis países, 22 clases, 24 profesores e 420 estudantes protagonizaron un proxecto baseado nas matemáticas. Os problemas presentados nos libros de texto substitúense por retos con datos reais que obrigaron aos estudantes a medir, analizar, resolver e compartir e comparar as súas solucións coas dos seus compañeiros europeos. Os socios demostraron unha excelente colaboración desde a proposta de traballo inicial; optando por unha planificación aberta e permisiva coas diferentes posibilidades dos centros participantes, conseguiron presentar os resultados froito do traballo común, perfectamente organizados tanto no TwinSpace como na web creada para o proxecto. Ademais, un conxunto de tutoriais das diversas ferramentas TIC utilizadas no traballo favoreceu o seu uso por parte dos estudantes e aumentado así o seu interese cara estas, tal e como mostra a súa avaliación final.

- [Nos encontramos en el camino](#) do IES de Poio (Galicia) presentado pola profesora Carmen Fernández.

O Camiño de Santiago foi o punto de encontro de tres centros educativos de España, Francia e Eslovaquia. Cada grupo de 3 alumnos (un de cada país) fixo un percorrido virtual por un tramo do camiño e investigaron sobre a súa riqueza cultural (historia, arte, xeografía...). As profesoras crearon un wiki no que cada grupo dispoñía dunha páxina de discusión e, de forma autónoma e responsable, os alumnos interviron para preparar a viaxe pola ruta asignada (aloxamento, transporte, clima, calzado, gastronomía, ...). É un claro exemplo de proxecto en colaboración.

Utilizaron diferentes ferramentas TIC; ademais do wiki, creouse un blog, a modo de caderno de viaxe, que se alimentou con fotos, vídeos, animacións-Xtranormal, imaxes, películas (Martin Sheen, "The Way"), enlaces, comentarios, novas, murais-Glogster, videoconferencia, Googlemaps, presentacións-Prezi, etc.